CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Participa con interese en actividades onde se emprega a lingua escrita	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos libres.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Participa en actividades onde se emprega a lingua escrita.	
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	É capaz de expresarse de xeito escrito non convencional, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria e coñece as normas de uso	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Fai unha aportación persoal con axuda sobre unha manifestación artística nunha situación comunicativa.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa, con axuda, a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación comunicativa.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Participa en actividades de danza e dramatización	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas, con axuda, sobre interpretacións dos demais.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Amosa interese nas situacións virtuais de intercambio comunicativo.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Expresa, con axuda, a súa opinión sobre unha manifestación artística ou representación dixital	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Participa en actividades de creación con ferramentas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma. - Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima. - Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica. - Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais. - Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa. - Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. - Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números. - Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación. - Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. - Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas. - Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural. - Memorización e recitado de textos literarios. - Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios. - Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas. - A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura. - Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas. - Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.

Contidos

- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Na área de Comunicación e Representación da Realidade deberemos ter en conta as múltiples potencialidades comunicativas dos nenos e nenas e crear as condicións necesarias para que as diferentes linguaxes se desenvolvan plenamente, sen considerar a ningunha por enriba das demais. Teremos sempre en conta o deseño de situacións de aprendizaxe relativas aos intereses das nenas e dos nenos que respecten a necesaria transferencia dunhas linguaxes a outras, combinando as diferentes técnicas, recursos e materiais propios de cada unha para un mellor autocoñecemento e comprensión da realidade. O emprego de diferentes linguas, con especial énfase nas da súa contorna, incorporadas ás rutinas cotiás, aos xogos ou cancións que permitan a inmersión con naturalidade nos distintos códigos lingüísticos do mundo global que os rodea.

Cada proposta de traballo ou actividade provoca a entrada en funcionamento de todas as capacidades. Aínda que a Educación Infantil esté organizada entorno a áreas de contidos, se intentamos fragmentar o coñecemento podemos dificultar a comprensión e aplicación práctica. De ahí a necesidade de mostrar os contidos relacionados desde un enfoque globalizador.

O neno e a nena son os suxeitos activos das súas aprendizaxes. O ensino activo persigue aprendizaxes significativos, a construción social e individual de coñecementos e ademais permite o desenrolo desas actitudes e habilidades que o ensino pasivo no promove.

Pola súa banda o aprendizaxe significativo require actividade motriz e mental por parte do suxeito que aprende. O neno ten necesidade de acercarse a situacións e contextos, de exploralos, de manipular e estudar os obxectos. E non esquezamos que as estratexias de traballo nesta idade siguen baseadas no xogo por ser a actividade natural dos nenos/as e porque é unha das mellores formas que teñen eles para aprender.

Para a realización das diferentes actividades que xurdan ao longo do curso, propondremos diferentes organizacións do alumnado: dinámicas individuais, de parella, grupos ou equipos e de gran grupo, fomentando sempre o traballo colaborativo e cooperativo e que uns poidan titorizar a outros en determinados momentos.

A organización minuciosa dos espazos tamén ten unha relevancia especial, de xeito que permita levar a cabo diferentes propostas á vez e que o alumnado teña ao seu alcance unha variedade de actividades para realizar. Fomentaremos os espazos organizados por recunchos flexibles, de xeito que poidan ir variando ao longo do curso en función dos temas traballados, en función dos intereses dos nenos e nenas, etc.

Para manter e maximizar a motivación, partimos de aspectos coñecidos e atraentes para conseguir unha actitude favorable cara ás novas aprendizaxes e que éstas poidan ser significativas. A motivación para a consecución de logros escolares esixe a análise dos factores socioambientais, familiares e escolares que poidan incidir na aprendizaxe.

A afectividade nesta idade sigue xogando un papel moi relevante porque os sentimentos e as emocións moven as

aprendizaxes, e porque o neno e a nena precisan sentirse queridos para medrar na súa autonomía e na valoración positiva de si mesmos.

Investigacións sobre a aprendizaxe recalcan a importancia do medio socionatural, cultural e escolar no desenvolvemento dos alumnos. A interacción entre o alumnado inflúe ademais decisivamente no proceso de socialización, na relativización de puntos de vista, no incremento do rendemento académico e das aspiracións. É importante, en consecuencia, crear e manter un clima de comunicación e interrelación, de aceptación mutua, de empatía, de cooperación e axuda mediante a organización de equipos de traballo e a distribución de tarefas e responsabilidades entre eles.

Propoñemos, ao longo de todo o curso, diferentes actuacións dirixidas á diversidade das peculiaridades persoais, dos momentos evolutivos e dos ritmos diferentes de aprendizaxe.

Para promover o desenvolvemento da representación mental fomentaremos a integración da experimentación e da observación directa e indirecta. A observación directa é básica porque o neno e a nena necesitan partir da súa propia actividade para coñecer e representar a realidade que lle rodea. A observación, manipulación e experimentación cos obxectos posibilitará o coñecemento das súas posibilidades de acción e o desenvolvemento dos seus sentidos.

Para favorecer novos niveis de desenvolvemento empregaremos tamén a observación indirecta mediante o uso de fotografías, láminas, bits de intelixencia, contos, bonecos e miniaturas de enseres diversos de uso cotidiano e con diferente funcionalidade que favorecerán o xogo simbólico e acercaranos á vida real.

É vital conciliar criterios entre a familia e o centro na educación e nas aprendizaxes, e evitar situacións que poderían producir inseguridade nos nenos e nas nenas e atrasar o seu desenvolvemento. Ademais favoreceremos que o alumnado estructure os ambientes e perciba as posibilidades e límites das súas actuacións nos distintos entornos.

O papel do educador será decisivo neste proceso, sendo necesaria una actitude equilibrada, afectiva e dispoñible nas relacións cos nenos/as. É importante a observación e escoita activa, que capte e responda ás necesidades do alumnado e unha postura de manifesta cercanía coas familias que favoreza o intercambio de información respecto ás inquietudes, intereses e necesidades do neno/a nos entornos familiar e escolar.

O traballo con ferramentas tecnolóxicas estará sempre orientado cara o emprego destas como xeradoras de contidos e non transmisoras pasivas de información. O alumno iniciárase no seu emprego de forma transversal pero sempre dende unha maneira responsable, respetando os tempos de uso, minimizando a exposición ás pantallas e empregando recursos acordes a súa idade e estado madurativo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ferramentas tecnolóxicas: ordenadores de aula, tablet, panel interactivo, conexión a internet, auriculares, altofalantes, robot, ...
Material funxible: ceras duras e brandas, rotuladores, rotuladores de pizarra branca, témperas sólidas, acuarelas, pintura de dedos, lápices e lápices de cores, punzóns, almofadas, texoiras, pegamentos, ...
Material sensorial: mesa de luz, bandexas para a escritura sensorial (area, fariña...)
Material visual: carteis, bits, láminas, material de elaboración docente, ...
Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, álbumes...
Material curricular: Currículum, P.E....
Material artístico: pinturas, pinceis, botes para pintar, plastilina, pasta branca, papeis de distinto tipo (celofán, crepé, de seda, charol, de cores, cartolina, ...), goma eva, refugallo, pompóns, gomets e adhesivos diversos, kamisibai, títeres...
Material de psicomotricidade: estruturas de gomaespuma, cordas, balóns, táboas de equilibrio, aros, canastra infantil, pelotas canguro, pelotas de espuma, pequeno paracaídas, bolos, discos voadores, pelotas cometa, conos clásicos, conos chinos, picas, zancos, saquiños, ladrillos, bancos suecos, diana infantil, túnel de gateo.....
Material non estruturado: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas...
Material de xogo simbólico: cociña e cacharriños diversos, banco de traballo con ferramentas, bonecas, cunas, sillas de paseo, carriño da compra, maletín do médico, maletín de perruquería, vehículos, ...

Comunidade educativa (alumnado, persoal docente e non docente, familias) e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas, etc)

Quebracabezas, dominós, construcións diversas, xogos específicos de lóxica-matemática, pizarra branca, pizarras individuais, letras e números magnéticos, ensartes, pinchos, xoguetes diversos para a motricidade fina, ...

Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido: todo o que se nos poida ofrecer no contexto que nos rodea como parques, bibliotecas, museos, auditorios, espazos naturais, ... etc

Seleccionaremos materiais variados para a estimulación das nenas e nenos.

Os materiais terán fácil acceso e visualización por parte do alumnado para que sexan un respaldo das actividades e promovan a aprendizaxe.

Estará ben organizado e ao alcance dos nenos e nenas. Esta presenza visual suxerirá actividades e favorecerá a autonomía.

Os materiais curriculares axeitaranse aos tipos de contidos, ás características e necesidades específicas de cada contexto educativo e consecuentemente ás características individuais do alumnado.

Estarán presentes nas aulas elementos do medio natural e sociocultural que favorezan o vencello coa identidade do alumnado e creen un ambiente significativo.

Procedemos a enumerar os recursos humanos e espazos que poden estar a disposición do noso alumnado:

RECURSOS HUMANOS

- 2 mestras titoras
- 1 mestra de apoio con función de apoio na aula, animación á lectura e educación emocional
- 1 mestra especialista en inglés
- 1 mestra especialista en relixión católica
- 1 mestre especialista en educación física
- 1 mestra de pedagogía terapéutica
- 1 mestra de audición e linguaxe
- Profesorado de reforzo de ser necesario
- Familias, mediante participación voluntaria nos diferentes proxectos ou actividades que se realicen no centro

ESPAZOS

- 2 aulas de nivel
- 1 aula de apoio
- 1 aula de psicomotricidade
- 1 aula de audición e linguaxe
- 1 aula de relixión católica
- 1 biblioteca de centro
- 1 patio de recreo descuberto con parque infantil e zona de herba
- 1 horta escolar
- Corredores do edificio como patio cuberto nos días de choiva
- Contorna do centro

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Será entendida como proceso que leva implícito unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo, na primeira unidade do curso se levará a cabo a avaliación inicial ou diagnóstica a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.

- Análise das producións plásticas, escritas, musicáis, etc realizadas polo alumnado
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno

Suliñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temprana das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

Esta avaliación inicial realizarase unha vez superado o período de adaptación, terase en conta información obtida durante este período, pero se agardará a que o alumno ou alumna se amose adaptado ás rutinas e a realidade da aula.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado polo profesorado.

Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa.

6. Medidas de atención á diversidade

Cada neno ou nena é unha persoa única e irrepetible, coa súa propia historia, afectos, motivacións, necesidades, intereses, estilo cognitivo, sexo, etc. Isto esixe que a escola ofrezca respostas adecuadas a cada un. É necesario que o titor ou titora, considerando e respectando as diferenzas persoais, planifique o seu traballo de forma aberta, diversa, flexible e positiva, para que o levarse á práctica, permita acomodarse a cada persoa, potenciando ademais os diversos tipos de intereses que aparecen en nenos e nenas cando se centran máis en propostas dun ou doutro estilo: experimentación, comunicación, movemento, expresión.

A atención á diversidade abordarase con carácter preventivo e compensador, introducindo as medidas necesarias tan pronto se presenten as necesidades. Entendidas como o conxunto de medidas, ordinarias e extraordinarias, que teñen por finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes necesidades, características, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, así como á situación social, cultural e de saúde de todo o alumnado, porase especial atención á finalidade preventiva, adaptando a práctica educativa ás características persoais do noso grupo, así como aos seus intereses e necesidades, e a consideración da diversidade como un valor, defendendo así un modelo inclusivo que potencie a metodoloxía baseada na diversidade, igualdade de oportunidades, colaboración e tamén na cultura tecnolóxica e innovadora, aproveitando as posibilidades das TIC para o alumnado (apps para estimulación da linguaxe, razonamento, atención, etc)

As estratexias de actuación abordaranse a través dos seguintes enfoques:

a) Dende a avaliación inicial

No mes de setembro cada titora/or realizará unha valoración de cada alumno/a respecto da súa incorporación á escola, á súa evolución e circunstancias persoais atendendo a diversos frontes.

b) Dende a programación

En base á información recabada elaboraranse as programacións de nivel e aula contemplando a diversidade do grupo. Levarase a cabo unha avaliación procesual que permita introducir posibles cambios á medida que se vaian detectando necesidades.

c) Dende a metodoloxía

Empregaranse recursos tales como:

- Actividades de reforzo e ampliación.
- Flexibilización dos tempos para a realización das actividades.
- Uso de materiais heteroxéneos que favorezan a motivación e a aprendizaxe.
- Actividades de psicomotricidade que incidan na relaxación.
- Propostas didácticas complementarias.

d) Dende a coordinación docente internivel e interetapa

e) Dende a relación estreita e coordinada coas familias

A participación activa no proceso educativo da familia é totalmente decisiva, por un lado pola valiosa información que pode subministrar acerca da evolución e interaccións do neno/a dentro e fóra do ambiente familiar, e polo reforzo tan positivo que pode exercer no seu desenvolvemento cando se produce un bo entendemento e colaboración.

Ás veces é difícil conseguir que as familias confíen desde o primeiro momento toda a información cando o neno/a presenta algún atranco, polo que amosaremos unha actitude de boa acollida cara estes nenos e nenas e xeraremos un clima de seguridade e confianza coas familias para que faciliten toda a información posible, ó tempo

subministrarlles o asesoramento necesario para lograr unha actuación conxunta e axeitada ás necesidades.

En resumo:

- Basearémonos en principios inclusivos, integradores e non discriminatorios.
- Adaptaremos o traballo ás características persoais, necesidades, intereses e estilos e ritmos de aprendizaxe de cada neno/a.
- Traballaremos de forma coordinada co Departamento de Orientación para atender os casos de alumnado N.E.A.E.
- Estableceremos canles de colaboración e participación activa coas familias do noso alumnado fomentando o concepto inclusivo da escola.

Adequaremos sempre a estrutura organizativa do centro e a xestión da aula ás características do noso alumnado NEAE e levaremos a cabo medidas como:

- Organizar o aula de forma accesible, adecuaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidades fisiolóxicas, afectivas, curriculares e de movemento.
 - Adecuar á programación didáctica, realizarase unha interpretación flexible do currículo axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE.
 - Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa, seguindo as liñas marcadas no P.E. do centro, seguindo os principios do DUA e propondo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumno.
 - Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características deste alumnado.
 - Aproveitar as posibilidades das TIC para todo tipo de alumnado utilizando diferentes apps para estimulación da linguaxe, o razonamento e a atención.
 - Buscar de maneira continua interactuar co alumnado NEAE, estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
 - Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases/explicacións curtas.
 - Secuenciar as tarefas, incluso con referencias visuales como pictos e axendas.
 - Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).
 - Diseñar propostas didácticas seguindo o modelo TEACCH
 - Evitar tarefas repetitivas sen interese para o alumnado, que poden facer aparecer conductas disruptivas ou inadecuadas, a non ser o caso daqueles alumnos que polas súas necesidades facer este tipo de actividades para reforzar aprendizaxes e aportar seguridade.
 - Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima, adoitando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferencias.
 - Ofrecer propostas onde o alumnado poida participar en base as súas capacidades levando a cabo propostas SEM para aquel alumnado que o necesite.
 - Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente.
 - Intervir educativamente sempre dende un enfoque multidisciplinar: titoría, DO, familia ou titores legais, servizos sanitarios, sociais,etc.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional.		X	X				
ET.2 - Hábitos de control corporal.		X					
ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social.	X	X		X			X
ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos.					X	X	X
ET.5 - Educación para o consumo responsable.			X		X	X	X
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos.		X		X			X

Observacións:

Entre os temas transversais que teñen unha presenza máis relevante nesta etapa destacamos:

Desenvolvemento afectivo e xestión emocional

Pretende o desenvolvemento moral da persoa, como parte fundamental da construción do autoconcepto, así como educar para a convivencia no pluralismo mediante un esforzo formativo.

Hábitos de control corporal

Este contido parte dun concepto integral da saúde como benestar físico e mental, individual, social e ambiental. Traballarase este valor a través das rutinas diarias de hixiene persoal, lavado de mans, autonomía no uso do wc, así como promovendo hábitos de alimentación saudables.

Pautas elementais de convivencia e relación social

O obxectivo é que o alumnado comprenda que a construción da paz é tarefa de todos, para iso, fomentaremos a resolución pacífica de conflitos a través do diálogo e de actividades concretas na aula.

Coidado da contorna e dos seres vivos

As grandes cuestións da educación ambiental céntranse no descubrimento do medio natural e no desenvolvemento de actitudes favorables para protexelo e conservalo.

Educación para o consumo responsable

Parte da reflexión sobre as actitudes do alumnado que debe empezar a distinguir entre aquilo que realmente necesita (a roupa, a comida, o transporte, etc.) e aquilo do que pode prescindir facilmente.

Poñeremos en práctica as 5R: reducir, rechazar, reparar, reutilizar e reciclar.

Educación igualitaria e libre de estereotipos

Preséntase a muller en situacións iguais ás do home, tanto no ámbito da escola coma no do traballo e noutros contextos cotiáns mediante un esforzo formativo. Traballaremos a expresión dos sentimentos e emocións en todo o alumnado, a construción dun autoconcepto adecuado, evitando a asignación de roles, estereotipos, valores e comportamentos sexistas etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita de persoa experta	En algunhas das unidades invitaremos a unha persoa familiar do alumnado/ou un axente externo para que actúe como experto na materia que estamos a traballar.		X	
Contacontos	Invítarase a familiares ou expertos para que veñan a contar un conto relacionado coa materia que estamos a traballar.		X	
Saída de campo	Realizaremos algunhas saídas para afondar no traballo na aula: musicais, teatro, exploración da contorna, ...		X	X
Saída de fin de curso	Actividade lúdica para descubrir a contorna e para conmemorar o final de curso.			X
Obradoiros solidarios	As familias xunto co alumnado poderán levar a cabo diferentes obradoiros cun fin solidario: confección de agasallos para levar ao Centro de Día, doazón de libros, recollida de roupa, alimentos ou tapóns, etc	X		
Proxectos medioambientais	Poderá participarse en proxectos baseados na recuperación e defensa da natureza.			X
Conmemoracións e festas	A comunidade educativa poderá planificar e participar en distintas celebracións ao longo do curso: samañ, dereitos dos nenos/as, violencia de xénero, nadal, día da Paz, entroido, día de Rosalía, semana do libro, semana da prensa, Letras Galegas, ...	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Elementos curriculares presentes nas actividades.
Temporalización de actividades adecuada.
A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe.
Metodoloxía empregada
Deseño das actividades adecuadas ao alumnado
Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades.
Empréganse diversos recursos didácticos.
Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Utilízase diversidade de materiais para acceder á información, para expresarse e para fomentar a motivación.
Medidas de atención á diversidade
Contémplanse todas as NEAE no deseño das actividades.
Individualización do proceso ás características de cada alumna/o.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existe coordinación co equipo docente.
Promóvese a participación das familias.
Outros
Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados.

Descrición:

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso posibilitando modificacións e melloras.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en infantil ao rematar cada trimestre.

9. Outros apartados